

RÉXIME INTERNO DO COMITÉ CIENTÍFICO INTERNO DO IDIS.

O Comité Científico Interno (CCI) do IDIS é unha comisión que pretende representar a todo o persoal investigador e técnico do IDIS, co fin de asesorar á súa Dirección nos aspectos científicos, estratéxicos e organizativos, así como tomar as decisións oportunas sobre o funcionamento do Instituto.

Esta comisión estará formada por persoal de diferentes ámbitos e perfís, estando representadas todas as unidades e áreas científicas do IDIS.

O presente regulamento pretende dotar a este Comité da regulación necesaria para permitir o seu funcionamento, e foi aprobado na reunión do 1 de decembro de 2020.

1. Composición do CCI do IDIS:

O CCI estará composto por persoal investigador e técnico das áreas científicas que compoñen o IDIS, das plataformas e da súa unidade de xestión, intentado que exista paridade de xénero na súa composición. Estará integrado por:

- Director/a Científico/a do IDIS, que presidirá a Comisión.
- Director/a da Fundación IDIS.
- Un/ha responsable do órgano de Dirección do CIMUS.
- Un/ha representante de Atención Primaria do IDIS.
- Un/ha representante de Formación do IDIS.
- Un/ha representante de Calidade do IDIS.
- Un/ha representante de innovación do IDIS.
- Un/ha representante do Comité de Empresa da Fundación IDIS.
- Polo menos, dez representantes dos grupos de investigación que compoñen o IDIS. Deberá haber persoal investigador tanto do ámbito básico como clínico; serán membros das distintas áreas científicas do Instituto, estando todas representadas; e haberá investigadores das distintas etapas da carreira investigadora.
- Participación cidadá. Polo menos un representante dunha entidade non científica (asociación de pacientes, organismos sociais, outras entidades públicas ou privadas,...)
- Secretario/a da Comisión (sen voto).

2. Funcións do CCI do IDIS:

O CCI do IDIS conta coas seguintes funcións:

- Asesorar á Dirección Científica do IDIS nos temas científicos, estratéxicos e organizativos.

- Análise e propostas nos plans de funcionamento do IDIS.
- Levar a cabo un seguimento das actividades do IDIS.
- Validar a Memoria Científica Anual do IDIS.
- Validar as convocatorias competitivas internas do IDIS.
- Propoñer os obxectivos científicos anuais a alcanzar e o plan de acción para levalos a cabo.
- Ser o órgano de participación das áreas e grupos de investigación na gobernanza científica do IDIS.
- Avaliar a calidade das propostas de solicitude de proxectos e establecer a súa priorización, en caso necesario.

3. Procedemento de ingreso e baixa no CCI do IDIS:

Os membros do CCI serán nomeados polo Director. En caso de que un membro do CCI cause baixa, este poderá ser substituído por outra persoa que, preferiblemente, teña un perfil similar.

Un membro do CCI poderá ser dado de baixa a petición propia do interesado. Neste caso, o interesado deberá comunicar por escrito a decisión ao Presidente do CCI, e automaticamente será tramitada a baixa.

Un membro do CCI poderá ser dado de baixa por destitución xustificada do/a Presidente/a da Comisión. Neste caso, o Presidente/a deberá comunicar por escrito a súa decisión ao propio interesado, previa aprobación da maioría dos membros do CCI.

Un membro do CCI poderá ser dado de baixa por ausencia inxustificada a máis de 3 reunións no período dun ano.

4. Funcionamento do CCI do IDIS:

O CCI deberá reunirse de forma ordinaria, polo menos, 4 veces ó ano. E deberá ser convocada, cunha antelación mínima de 5 días, pola secretaría da mesma. A convocatoria deberá notificarse por escrito, preferiblemente por correo electrónico, e incluírá a correspondente orde do día, aportando a documentación necesaria para a súa deliberación, cando sexa posible. A orde do día será fixada polo Presidente, debendo incluírse as propostas feitas por, polo menos, dous dos membros da Comisión.

O CCI deberá ser convocado polo Presidente sempre que sexa solicitado por, polo menos, catro membros do mesmo.

Para que unha sesión do CCI poida celebrarse deberá contar coa asistencia da metade máis un dos seus membros.

Os acordos que se leven a cabo na Comisión deberán ser aprobados por maioría simple dos presentes na sesión.

O CCI poderá celebrar as súas sesións, adoptar acordos, e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia, utilizando medios telemáticos. Nas reunións que se celebren a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares, sempre e cando se asegure por medios electrónicos a súa identidade.

Cando existan asuntos a resolver nos que non exista a posibilidade de convocar unha reunión, o/a Presidente/a poderá consultar por correo electrónico a todos os seus membros, quedando facultado para a proposta que se adopte. Esta decisión, deberá incluírse na acta da seguinte sesión.

Non poderán resolverse acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día, salvo que estean presentes todos os seus membros e se acorde por unanimidade incluílo.

De cada sesión, o/a secretario/a levantará acta na que se recollan os acordos alcanzados. A acta será aprobada na seguinte sesión que se celebre.

Ás sesións do CCI poderán asistir invitados pola presidencia, con voz pero sen voto, expertos nalgún tema a tratar ou aquelas persoas que poidan gardar relación cos mesmos.

O CCI poderá actuar con subcomisións especializadas, cando así o decida para tratar temas específicos. Podendo nomear para esta a alguén externo ao CCI, por considerar que pertence á rama do coñecemento específico da subcomisión creada.

Os membros do CCI deberán garantir a confidencialidade dos datos persoais tratados na comisión, así como daqueles aspectos nos que así se acorde de forma expresa.